



Astº.: Certificado de exposición pública e do seu resultado
Refª.: Orzamento do exercicio de 2009

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

C E R T I F I C A :

Que segundo se desprende do expediente do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2009, arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resultan, respecto da exposición pública dese Orzamento tras a súa aprobación inicial, e do resultado daquela, os extremos seguintes:

1º. Que no "Boletín Oficial" desta provincia núm. 285 do 12 de decembro de 2008, aparece inserto o anuncio da aprobación inicial do dito Orzamento, no que se inclúe o outorgamento do prazo de quince días hábiles (desde o primeiro, tamén hábil, ao da dita publicación) para exame do expediente e presentación de reclamacións polos interesados.

2º. Que, copia dese anuncio, inseriuse na mesma data do 12 de decembro de 2008 no Taboleiro de anuncios do Consorcio.

3º. Que en consideración á data de publicación citada no apartado 1º da presente, o prazo de quince días indicado tamén nese apartado transcorreu, desde o día trece de decembro de dous mil oito (13.12.2008) ata o día trinta e un de decembro de dous mil oito (31.12.2008), incluídos os días de inicio e fin citados.

4º. Que durante o prazo ao que se fai mención no apartado precedente, non costa presentado no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos desta Entidade, nin por remisión ou entrega por outros medios a esta Secretaría (Fax, correo electrónico) documento ningún de reclamación ou alegación contra dito Orzamento ou o seu expediente, incluído o acordo de aprobación inicial.

E, para que así conste e na unión co referido expediente, xurda os seus debidos efectos, emito a presente certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do lltmo. Sr. Presidente en Carballo, a dos de xaneiro de dous mil nove.

V.º e pr.
O presidente,

Asdo.: José Federico Nogueira Fernández